


D I C T A M E

Dictame
1/04

sobre o anteproxecto de
**LEI DE MEDIDAS DE
MOBILIDADE DAS TERRAS
OBXECTO DE
CONCENTRACIÓN PARCELARIA
DE GALICIA**

A P R O B A D O P O L O P L E N O O 6 D E F E B R E I R O



XACOBEO 2004
Galicia



Edita: Consello Económico e Social de Galicia

Este dictame pode consultarse tamén no sitio web do Consello:

www.ces-galicia.org

1.- ANTECEDENTES

1.- En data 30 de decembro de 2003 tivo entrada no Consello Económico e Social a solicitude de dictame sobre o anteproxecto de Lei de medidas de mobilidade das terras obxecto de concentración parcelaria.

2.- O texto do borrador foi enviado, en data 2 de xaneiro, ó presidente e ós membros da Comisión Sectorial nº1: *Economía, emprego e sectores productivos*, competente por razón da materia, para a elaboración da correspondente proposta de Dictame. Así mesmo, tal como establece o Regulamento de Réxime Interno do CES, deuse conta á Comisión Permanente da entrada de solicitude de dictame.

3.- Con data 2 de xaneiro, o seu presidente convoca á Comisión sectorial nº1 para o luns 12 de xaneiro, co fin de iniciar os traballos de reflexión sobre a proposta de dictame.

4.- A Comisión Sectorial, na súa sesión 2/04, acorda aprobar por unanimidade a proposta de Dictame, con data 22 de xaneiro, e a remite ó presidente do Consello para a súa tramitación.

5.- O presidente do CES, de acordo coa Comisión Permanente do organismo, convoca ó Pleno do Consello, que na súa sesión 1/04, de 6 de febreiro, e tras coñecerlo texto remitido, acorda aprobar por unanimidade o seguinte

DICTAME

sobre o anteproxecto de Lei de medidas de mobilidade das terras obxecto de concentración parcelaria.

2.- ESTRUCTURA E CONTIDO

O Anteproxecto de Lei sometido a dictame, segundo establece na súa Exposición de motivos, trata de instrumentar novas medidas de reforzo da mobilidade das terras xa concentradas que, por unha banda, garantan que esta propiedade agraria sexa utilizada e explotada en termos acordes a súa alta potencialidade agronómica e, por outra banda, que a demanda de solo ou as necesidades de mellora da base territorial xerada polos novos proxectos de explotación e investimento, ou a innovación dos existentes, poida contar cunha oferta correlativa e suficientemente fluída de solo para a súa posta en marcha.

O Anteproxecto de Lei sometido a dictame estrutúrase en tres Títulos, dúas Disposicións Adicionais, unha Disposición Transitoria, unha Disposición Derradeira e dúas Disposicións Finais.

No título I “Disposicións Xerais”, establécese o obxecto e o seu ámbito de aplicación, que afectará ás terras obxecto de concentración parcelaria, a vinculación das terras concentradas á súa función social e os proxectos agrarios prioritarios.

O título II “Banco de Terras de Galicia”, estrutúrase en cinco capítulos, o capítulo 1º establece a configuración e bens integrantes do Banco de Terras; o capítulo 2º recolle os dereitos de adquisición preferente; o capítulo 3º establece o réxime das cesións permanentes; o capítulo 4º determina as funcións e vinculación de destino do Banco de Terras, e, finalmente, o capítulo 5º establece o réxime de adxudicación dos bens do Banco de Terras.

O Título III “Expropiación forzosa do dominio ou uso das fincas por incumprimento da función social da propiedade agraria concentrada”, estrutúrase en dous capítulos; o capítulo 1º establece o réxime de mobilidade forzosa da terra; e o capítulo 2º regula a expropiación forzosa das fincas incluídas no catálogo.

3.- OBSERVACIÓNS XERAIS

1.- O CES considera oportuno e necesario o anteproxecto de lei de medidas de mobilidade de terras, sometido a dictame.

En primeiro lugar, porque se considera necesario que os labregos e labregas teñan un instrumento legal para acceder a unha maior superficie que necesitan para as súas explotacións e, en segundo lugar, porque se facía necesario abordar os problemas de infrautilización e de abandono de terras no rural galego, sobre todo naquelas zonas nas que existe demanda dos titulares das explotacións para incrementar a superficie útil das mesmas.

O obxectivo do anteproxecto de lei debería ser conseguir a mobilidade necesaria da superficie agraria útil, non utilizada e abandonada, a través dun instrumento como o Banco de Terras que abre posibilidades de cara a ampliar a base territorial daquelas explotacións galegas que o necesitan, para acadar un maior grao de viabilidade e competitividade

2.- No anteproxecto de lei sometido a dictame só se contemplan, dentro do seu ámbito de aplicación, as terras que foron concentradas nos dez últimos anos, ou as que o sexan nun futuro. O CES considera que dita limitación no seu ámbito de aplicación impedirá que moitas das explotacións de Galicia poidan utilizar a vía que se pretende crear con esta Lei para facilita-lo acceso a máis superficie para incrementar a súa base territorial actual.

O CES considera que deben desaparecer o prazo establecido e as restriccións referidas ó seu ámbito de aplicación, xa que restrinxen moito a eficacia e o alcance das medidas a adoptar e estudiarse alternativas que permitan a incorporación de tódalas terras ociosas, independentemente de que estean ou non concentradas. En zonas punteiras en produción de leite, por exemplo, hai explotacións que necesitan ampliar a súa SAU, pero que quedarían excluídas do ámbito de aplicación da Lei pola restricción citada.

O CES entende que as actuacións a levar a cabo poden facer referencia ó solo rústico de protección agropecuaria, categoría recollida na Lei 9/2002, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, e integrada polos

“terreos de alta productividade agrícola ou gandeira, posta de manifesto pola existencia de explotacións que a avalen ou polas propias características ou potencialidade dos terreos ou das zonas onde se enclaven, así como polos que sexan obxecto de concentración parcelaria a partir da entrada en vigor desta lei ou o fosen nos dez anos anteriores a esta data ...”. No caso de incluí-los terreos forestais (en consonancia co plantexado na observación nº 9) habería que incluír tamén a categoría de rústico de protección forestal.

3.- O CES considera que deberían actualizarse determinados conceptos, utilizados no anteproxecto de lei sometido a dictame, ós cambios producidos na realidade e nas políticas agrarias, cunha visión máis ampla da problemática do rural, para non confundir instrumentos con políticas eficaces.

Neste senso sería conveniente axustar a filosofía do anteproxecto ó texto da reforma da PAC, no referente ó concepto de productividade; a aplicación dos estándares de uso e produción; os posibles suxeitos pasivos ou activos; a mobilidade forzosa, voluntaria ou coactiva, etc.

En consecuencia, o CES plantexa que deben ser obxecto de estudio as consecuencias que se poden derivar da aplicación do texto proposto tendo en conta o previsto no Regulamento (CE) Nº 1782/2003, en relación cos dereito de axuda e hectáreas admisibles para poder cobralas. Habería que determinar como se van casar os conceptos de boas condicións agrarias, terras non utilizadas para a produción e o de conserva-la terra cultivada conforme a súa capacidade agronómica.

4.- No anteproxecto de lei engádese unha tipoloxía nova das explotacións agropecuarias, que serán aquelas que posúan un *Proxecto Agrario Prioritario*. É una tipoloxía a maiores das xa existentes, como son a *“Explotación prioritaria”* ou a *“Explotación familiar”*, esta última introducida pola Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, e definida pola Orde de 1 de agosto de 2003.

O CES considera que non resulta beneficioso para o sector agrario que con cada nova norma se introduzan novas tipoloxías de explotacións agropecuarias, xa que se aumenta a confusión entre os seus profesionais e se dificulta a xestión das mesmas. Neste senso entende que a denominación de Proxecto Agrario Prioritario debería eliminarse. De non ser así, cómpre clarificar axeitadamente a súa defini-

ción e requisitos a esixir, precisando e concretando as características requiridas para merecer tal declaración.

5.- No anteproxecto de lei sometido a dictame, contéplase a posibilidade da expropiación da terra (sexa de dominio ou de uso), cando se incumpra a función social da terra concentrada.

É necesario, para evitar posibles situacións de alarma social innecesarias, prever e regula-las actuacións a emprender pola Administración, previas á declaración de terras en situación de mobilidade forzosa e a utilización do recurso da expropiación. O papel da Administración, como garante dos dereitos das partes, pode resultar fundamental de cara a que as fórmulas de cesións e de utilización dos contratos de arrendamentos se manifesten coma as máis idóneas para mobiliza-las terras agrarias non utilizadas.

O CES considera polo tanto que nas achegas de terras ó Banco de Terras debería fomentarse previamente a cesión voluntaria, establecendo incentivos, incluídos os fiscais, que animen ós propietarios a aportar aquelas terras das que na actualidade non obteñen ningún rendemento económico e sexan óptimas para o seu aproveitamento polas explotacións agrarias que precisan aumenta-la súa base territorial.

Considérase adecuado que o mecanismo de achega obrigatoria de terras teña carácter residual e se limite a aqueles casos nos que existan graves motivos de orden económico e social; nos que non exista vontade por parte do propietario de dar cumprimento á función social da superficie concentrada.

Neste caso, debería arbitrarse e regularse un procedemento que inclúa: un aviso previo; a posibilidade de alegar; o establecemento de prazos, etc, para que o propietario poida, en calquera caso se así o estimase conveniente, poñer en produción a terra, de forma tal que a Administración non se vexa na obriga de declara-la en estado de mobilidade forzosa, pero obrigando ó propietario, no caso de que así o decida, a mante-la terra en produción por un período mínimo de tempo a establecer.

Por outro lado o CES estima conveniente sinalar que vai resultar difícil obxectivar, concretar e medir o grao de incumprimento das obrigas inherentes á función social da propiedade agraria concentrada a partires dos plans de aprovei-

tamentos recollidos nos acordos de concentración sen a existencia dun “*órgano de fixación de prezos, seguimento e control do proceso*” como o sinalado na consideración xeral nº 6 deste dictame.

O CES tamén considera que non se debe esquecer o previsto no apartado 2 do artigo 3 da Lei 12/2001, que alude a posibilidade de imposición de sancións “*ata tanto os concellos regulen os usos das terras concentradas*”.

6.- O CES considera necesario clarificar e mellorar a fixación de prezos que se deben pagar polos adxudicatarios das terras procedentes do Banco de Terras. Nas cesións de uso menciónase a “*renda media anual que se pague na zona segundo os valores do mercado*” e, para o caso das adxudicacións directas, o prezo das “*adquiridas a título oneroso de esa zona ou valor de mercado*”.

O CES considera necesario introducir “*criterios sociais*” no acceso ós recursos do Banco de Terras, mediante a creación dun “*órgano de fixación de prezos, seguimento e control do proceso*”, con capacidade para inicialo, no que participen, ademais das Administracións autonómica e local, as organizacións agrarias representativas e os sectores afectados. Debería tamén estudiarse a posibilidade de financiamento por medio de pagos diferidos e outros mecanismos que se deberían estudar e habilitar.

7.- O CES considera necesario que no texto se faga alusión á maneira de establece-lo financiamento do Banco de Terras, aspecto básico para a consecución dos seus fins.

8.- O CES considera que o órgano xestor do Banco de Terras debería estar recollido no articulado do anteproxecto, establecendo as súas funcións e composición. Nel, aparte da representación que poida corresponder a outros organismos e entidades, deben estar representadas as Organizacións Profesionais Agrarias consideradas máis representativas de acordo co establecido no artigo 40 da Lei 1/2000, do 10 de xullo, pola que se refunde a normativa en materia de cámaras agrarias.

9.- O CES considera que as referencias a usos forestais, que se fan no anteproxecto, poden crear confusión á hora de clarificar a finalidade da Lei. No caso

de que tamén os terreos forestais se inclúan no seu ámbito de aplicación, o texto habería que adaptalo, precisalo, clarifícalo máis e defini-los ámbitos competencias de cada departamento implicado. A súa inclusión incrementaría o ámbito do alcance da Lei e incidiría nunha das materias pendentes no desenvolvemento rural: mobiliza-las potencialidades do monte de Galicia.

10.- O CES entende que se debería facer un esforzo en considera-la posibilidade de que os Concellos teñan certo protagonismo no fin pretendido de mobilizar terras, por se-la Administración máis próxima ós cidadán e polas competencias que teñen en determinadas materias, motivos polos que poderían participar e coadjuvar neste proceso de maneira significativa.

11.- Por último, o CES coincide cos plantexamentos expresados polo Colexio de Rexistradores ós artigos 5 e 20 e pola Asesoría Xurídica da Xunta de Galicia ós artigos 23 e 24, e que non se consideraron no anteproxecto remitido a dictame.

4.- OBSERVACIÓNS PARTICULARES

1.- No **artigo 6** do anteproxecto de lei establécense os bens e dereitos que poden integrarse no Banco de Terras de Galicia.

O CES considera que dentro de ditos bens debería estudiarse algún tipo de integración, para formar parte do Banco de Terras, das fincas asignadas a propietarios descoñecidos nas zonas de concentración.

2.- No **Capítulo 2º** do **Título II**, regulase o dereito de adquisición preferente da Administración para a súa integración no Banco de Terras.

O CES considera necesario regula-lo dereito de adquisición preferente da Comunidade Autónoma só cando así se xustificara para fins moi concretos que habería que definir. O sistema proposto na redacción actual do anteproxecto de lei pode derivar nun exceso de burocracia e gastos innecesarios que afectaría a moitos miles de propietarios e hectáreas.

No **apartado 3** do **artigo 7**, que regula a non aplicación do dereito de tanteo e retracto pola Comunidade Autónoma nas transmisións gratuítas *mortis causa* ou *intervivos*, o CES considera que debería engadirse tamén ós ascendentes.

3.- No **apartado a)** do **artigo 13** regúlase como destino dos bens e dereitos integrantes do Banco de Terras a corrección de erros manifestos dos que se derivan perdas para os afectados pola concentración.

O CES considera que debería precisarse a redacción de dito apartado, no senso de que son evidentes as dúbidas que se suscitarían en relación coa Lei de Concentración, e a función do Fondo de Terras como instrumento corrector de erros manifestos.

No **apartado g)** de dito artigo inclúese as melloras e equipamentos colectivos máis amplos.

O CES considera que sería necesario especificar o concepto e contido de equipamentos colectivos, no senso de que deben referirse a instalacións de uso

colectivo que dean servizo a varias explotacións e se vinculen co proceso productivo das mesmas.

4.- No Capítulo 5º do Título II, o CES entende que debería establecerse un período máximo de permanencia dunha finca no Banco de Terras sen ser obxecto de adxudicación por calquera dos mecanismos previstos no texto da Lei

No **artigo 16** establécese, dentro dos motivos da adxudicación directa, o escaso valor da finca obxecto de alleamento e a necesidade dos cultivadores directos ou persoais ou de formas asociadas de explotación, de ampliala superficie cultivada para alcanzar unha dimensión económica viable das súas explotacións.

O CES considera que deberían eliminarse estas motivacións, dado que semeellan conceptos xurídicos indeterminados susceptibles de orixinar conflitos en relación a posibles arbitrariedades no proceso de adxudicación, xa que, a modo de exemplo, tal como está redactado o segundo dos motivos citados, a maioría dos casos de explotacións que precisan máis superficie agraria útil serían susceptibles de que se lles aplicara a adxudicación directa.

5.- No artigo 17 determínase o índice medio de aproveitamento anual da finca cedida.

O CES considera que sería necesario determina-los parámetros a partir dos cales se vai calcula-lo “*índice medio de aproveitamento anual*”.

6.- No artigo 18 régulase a transmisibilidade das cesións das facultades de uso e aproveitamento dos bens integrados no Banco de Terras.

O CES considera que debería desenvolverse a prelación na cesión nos casos de falecemento, incapacidade ou xubilación do cesionario.

7.- No artigo 22 enténdese como incumprimento da función social da propiedade agraria concentrada a acreditación da realización de obras ou actividades prohibidas en solo rústico pola Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia.

O CES considera que se debería diferenciar entre fincas con construcións levantadas coa correspondente licencia e fincas en situación de fóra de ordenación. Aquelas fincas nas que se perdera valor agrario como consecuencia da edificación dun inmovible, previa concesión de licencia municipal, ou por posterior regularización conforme ó establecido na circular 1/2003, da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, sobre as explotacións agrícolas e gandeiras existentes antes da entrada en vigor da nova Lei de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, non poden verse afectadas pola nova Lei no que ó cumprimento da función social se refire

Santiago de Compostela, 6 de febreiro de 2004

Vº. e P.

O PRESIDENTE

O SECRETARIO XERAL

Asdo: Luis Suárez-Llanos Gómez

Asdo: Carlos Monclús Diez de Ulzurrun

ANEXO

ANTEPROXECTO DE LEI DE MEDIDAS DE MOBILIDADE DAS TERRAS OBXECTO DE CONCENTRACIÓN PARCELARIA

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei 12/2001, do 10 de setembro, de modificación da Lei 10/1985, do 14 de agosto, de Concentración Parcelaria para Galicia, supuxo un indubidable avance na reordenación das estruturas agrarias e, como lei de reforma, permitiu introducir un complexo abanico de instrumentos que reafirmaron a integración da concentración parcelaria e do espazo rural na ordenación integral do territorio de Galicia, así como a reestructuración dos procedementos de concentración parcelaria e do réxime sancionador por incumprimento dos plans de aproveitamento de cultivos ou forestais, modificándose así mesmo de forma substancial o articulado da Lei 10/1985 no referente ó fondo de terras.

Aínda que cando ó día de hoxe a concentración parcelaria se consolidou como instrumento imprescindible para acadar un dimensionado operativo das explotacións agrarias, a experiencia indica a conveniencia de avanzar un paso máis na liña seguida e instrumentar novas medidas de reforzo da mobilidade das terras xa concentradas que, dunha parte, garantan que esta propiedade agraria sexa utilizada e explotada en termos acordes á súa alta potencialidade agronómica e, doutra, que a demanda do solo ou as necesidades de mellora da base territorial xerada polos novos proxectos de explotación e investimento, ou a innovación dos existentes, poida contar cunha oferta correlativa e suficientemente fluída do solo para a súa posta en práctica.

A esta finalidade responde a presente lei que, como deixa expreso a súa propia denominación, non se formula en termos de modificación da lexislación vixente sobre a materia, senón que, ó amparo do art. 30.1.1 e 3 do Estatuto de Autonomía para Galicia, atribúe á Comunidade Autónoma Galega competencia exclusiva en materia de fomento e planificación da actividade económica, en agricultura e gandería, instrumenta un conxunto de medidas integradas para a mobilidade das terras que fosen recentemente ou sexan no futuro obxecto de concentración parcelaria, desde o convencemento de que os usos agronómicos da terra deben constituírse cabalmente como os usos característicos do medio rural de Galicia, facilitando con iso o asentamento da súa poboación.

Consecuentemente coa súa finalidade, a nova lei fórmulase como norma de complemento e non como modificación da Lei 12/2001, onde os seus contidos mantéñense a salvo de pequenos retoques imprescindibles para as novas medidas que se formulan.

Doutra parte, esta lei, en canto configurada como unha Lei de Medidas, límitase a articular os elementos normativos imprescindibles para acada-la súa operatividade, remitindo o detalle da regulación ó correspondente desenvolvemento regulamentario.

Calquera resorte legal que pretenda incidir sobre a mobilidade da terra de propiedade privada respectando, á vez, as esixencias do principio de seguridade xurídica, é claro que non só debe acoutarse no tempo, senón que tamén deberá circunscribirse unicamente a aqueles espazos de singular cualificación e de alto valor agronómico. Por iso, considerouse pertinente limitalo ámbito de aplicación das medidas desta lei unicamente ós perímetros das terras que fosen concentradas nos últimos dez anos, ou ós das que o sexan nun futuro, ademais daquelas que adquirira o banco de terras por calquera título. Neste sentido, convén destacar que a propia definición da función social da propiedade concentrada que se recolle no artigo 3 da Lei 12/2001 sitúa, sen xénero de dúbidas e por definición, ós fondos rústicos obxecto de concentración como espazos de alto interese agronómico, máxime se se ten en conta a incidencia que sobre as estruturas agra-

rias ha de te-la súa correcta utilización, e a notable cualificación destes terreos desde o punto de vista dos recursos públicos aplicados para a súa posta en valor.

As medidas desta lei están, polo tanto, acoutadas no tempo e circunscritas ós fondos rústicos singularmente cualificados polo seu valor estratéxico para os usos agrarios que han de caracterizar-lo espacio rural; e están concibidas como medio de intervención na oferta e demanda do mercado de terras, ó fin da súa dinamización baixo a tutela dos poderes públicos.

Novidade desta lei é a creación da figura dos Proxectos Agrarios Prioritarios que serán declarados como tales pola súa alta cualificación para os efectos de procurar unha mellor dotación da súa base territorial productiva. Consecuencias importantes de tal cualificación recolleranse na propia lei ó regula-las cesións dos bens e dereitos do Banco de Terras e ó recoñecérle-la condición de beneficiarios nas expropiacións forzosas por incumprimento da función social da propiedade agraria concentrada.

Dáse carta de natureza ó Banco de Terras de Galicia como instrumento público de intermediación entre a oferta e demanda do mercado de terras, que se configura como a peza central sobre a que se articulan as medidas de mobilidade instrumentadas por esta lei. Non se formula como un novo ente ad hoc, senón como un servizo administrativo público adscrito á Consellería competente en materia de agricultura, o que garante non só unha xestión eficaz e transparente, senón que tamén evita a multiplicación de entes administrativos e o conseguinte aumento do gasto público.

A súa creación non supón ningún desprazamento do fondo de terras, onde a súa constitución segue estando prevista para cada zona que se concentre de acordo co previsto no artigo 31 da Lei 12/2001, senón que os ditos fondos e os bens que o integran pasarán a formar parte do Banco de Terras, que así mesmo nutrirase polos predios ou dereitos expropiados por incumprimento da función social da propiedade concentrada, así como polos recursos obtidos pola propia explotación do seu patrimonio. A titularidade dos bens e dereitos integrantes do Banco de Terras corresponde á Comunidade Autónoma, e a súa xestión á Consellería competente en materia de agricultura, sen prexuízo das competencias que correspondan á Consellería de Economía e Facenda.

As funcións do Banco de Terras están fundamentalmente ordenadas á dinamización do mercado de terras; polo que se recollen con especial consideración todas aquelas dirixidas á actualización e xestión das bases de datos da información territorial e agronómica da propiedade concentrada, así como á elaboración dos propios estudos de mercado que aseguren o acceso actualizado ás condicións reais da oferta e demanda do solo que se dean no dito mercado en cada momento.

Especial consideración merece a regulación das condicións de alienación dos bens e dereitos integrantes do Banco de Terras e os dereitos de adquisición preferente, tanteo e retracto, que a lei lle recoñece.

É contido así mesmo da lei regula-lo incumprimento da función social da propiedade concentrada como causa de expropiación, do dominio ou do uso e aproveitamento desta, establecendo os mecanismos para declarala en situación de mobilidade forzosa coa inclusión no Catálogo de Predios en tal situación e a posibilidade da súa expropiación inmediata.

Para tales efectos a Lei de Medidas de Mobilidade desenvólvese, por razóns sistemáticas, en tres títulos: Título I "Disposicións Xerais. Título II "Banco de Terras de Galicia", e Título III "Expropiación forzosa do dominio ou uso dos predios por incumprimento da función social da propiedade agraria concentrada". Vintecatros artigos, dúas Disposicións Adicionais, unha Derrogatoria e dúas Disposicións Finais.

Por todo o exposto, o Parlamento de Galicia aprobou e eu, de conformidade co artigo 13.2 do Estatuto de Autonomía de Galicia e co artigo 24 da Lei 1/1983, do 23 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu Presidente, promulgo, en nome do Rei, a Lei de Medidas de Mobilidade das Terras Obxecto de Concentración Parcelaria.

TÍTULO I. DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 1. Obxecto da Lei.

1. A presente lei ten por obxecto impulsa-la mobilidade das terras obxecto de concentración parcelaria como mecanismo legal de fomento da produtividade, calidade e diversificación das explotacións agrarias, promovendo o tráfico xurídico das terras improductivas e a conseguinte dispoñibilidade de terras para as explotacións ou proxectos que as demanden.

2. Constitúen así mesmo obxecto desta lei:

I. Establece-lo réxime xurídico do Banco de Terras de Galicia.

II. Regula-los diferentes modos de acceso á propiedade ou ó uso da terra integrada neste.

III. Defini-las obrigas inherentes á función social da propiedade agraria concentrada.

IV. Establece-la forma en que actúa a expropiación forzosa ante o incumprimento das obrigas inherentes á función social, tendo sempre presente as finalidades de evita-la especulación do solo, dinamiza-las condicións do mercado de terras, e garanti-lo seu aproveitamento agronómico acorde con esta función social da propiedade agraria.

Artigo 2. Ámbito de aplicación.

O ámbito de aplicación da presente lei circunscríbese ás terras obxecto de concentración parcelaria.

Artigo 3. Vinculación das terras concentradas á súa función social.

1. De conformidade co disposto no artigo 3 da Lei 3/1985, do 14 de agosto, modificada pola Lei 12/2001, do 10 de setembro, o decreto de concentración determina non só a utilidade pública, senón tamén a función social da propiedade concentrada coa necesidade de que as terras cultivables non queden abandonadas, obrigando ó seu titular a manter ou conserva-la terra cultivada conforme a súa capacidade agronómica e o aproveitamento axeitado dos seus recursos.

2. O incumprimento das obrigas que afectan ó titular dun dereito de propiedade agraria concentrada, de conformidade coa presente lei, será causa legal de abondo para declara-las terras afectadas en situación de mobilidade forzosa e para proceder á súa expropiación ou arrendamento forzoso, sen prexuízo do réxime de sancións previsto na Lei 10/1985, do 14 de agosto, na súa redacción dada pola Lei 12/2001.

3. Os titulares da propiedade rústica concentrada veranse tamén obrigados a subministrar á Consellería competente en materia de agricultura cantos datos relativos a aquela lle sexan requiridos, a fin de comproba-lo cumprimento das obrigas reguladas na presente lei.

Artigo 4. Proxectos Agrarios Prioritarios.

1. Poderán ser declarados como Proxectos Agrarios Prioritarios, para os efectos de promover-la mellora ou, no seu caso, a dotación da súa base territorial productiva, aqueles en que concorra, con especial relevancia, algunha das seguintes características:

a) Que faciliten a ampliación ou implantación de explotacións da zona con dimensións e estruturas que favorezan a creación de emprego.

b) Que impulsen a ampliación ou creación da base territorial de cooperativas ou outras asociacións agrarias.

c) Que contribúan ó establecemento ou fixación da poboación nas zonas especialmente afectadas polo envellecemento desta ou o éxodo rural.

2. A declaración como prioritario dun proxecto agrario corresponderá ó Consello da Xunta a proposta da Consellería competente en materia de agricultura. Regulamentariamente determinaranse os requisitos para acada-la dita cualificación, así como os trámites do procedemento mediante o que deba substanciarse.

3. Os proxectos, que en virtude desta lei se declaren prioritarios, terán dereito de preferencia para a dispoñibilidade dos predios integrantes do Banco de Terras.

4. Recoñécese ós titulares de Proxectos Agrarios Prioritarios a condición de beneficiarios da expropiación forzosa por incumprimento da función social da propiedade concentrada regulada na presente lei.

TÍTULO II. BANCO DE TERRAS DE GALICIA

Capítulo 1º. Configuración e bens integrantes do Banco de Terras

Artigo 5. Configuración do Banco de Terras de Galicia.

1. Créase o Banco de Terras de Galicia, no que se integrarán os bens e dereitos que, de conformidade co disposto nesta lei, se lle asignen ou adquira, que constitúe unha propiedade especial patrimonial da Comunidade Autónoma, que se regulará polo disposto na presente lei e supletoriamente pola lexislación patrimonial da Comunidade Autónoma.

2. O Banco de Terras de Galicia adscíbese á Consellería competente en materia de agricultura, á que lle corresponde as funcións dominicais e de protección e defensa sobre este patrimonio segundo o establecido na lexislación patrimonial, excepto cando estean atribuídas pola dita lexislación ó Parlamento ou ó Consello da Xunta de Galicia, sen prexuízo do informe previo da consellería competente en materia de patrimonio para os actos de disposición sobre bens inmoables.

Artigo 6. Bens e dereitos integrantes do Banco de Terras.

1. Integraranse no Banco de Terras de Galicia os seguintes elementos patrimoniais situados no territorio da Comunidade Autónoma:

a) Os integrantes dos fondos de terras constituídos en cada zona de concentración parcelaria, con independencia da data de firmeza do correspondente Acordo.

b) Os predios ou explotacións agrarias, ou dereitos sobre estes adquiridos pola Comunidade Autónoma por calquera título e para este fin, incluídos os cedidos para o efecto por calquera ente público a través de convenio, así como os adquiridos en virtude dos dereitos de adquisición preferente regulados no Capítulo II deste título.

c) Os predios ou dereitos sobre estes, expropiados trala súa inclusión no Catálogo de Predios declarados en situación de mobilidade forzosa, por incumprimento da función social da propiedade concentrada cando non exista un beneficiario da expropiación forzosa.

d) Os dereitos sobre predios ou explotacións agrarias que lle fosen cedidos temporalmente por calquera título.

e) Outros bens ou dereitos que a Comunidade Autónoma adscriba ou afecte. Para estes efectos facúltase ó Consello da Xunta para pór á disposición do Banco de Terras de Galicia os predios de interese agrario no Inventario Xeral do Patrimonio da Comunidade Autónoma.

2. Así mesmo, formarán parte do Banco de Terras de Galicia as rendas, canons ou prezos que se obteñan polo arrendamento, explotación ou transmisión dos propios bens integrados no Banco de Terras.

Capítulo 2º. Dereitos de adquisición preferente

Artigo 7. Tenteo e retracto.

1. A Comunidade Autónoma de Galicia, a través da Consellería competente en materia de agricultura, gozará dos dereitos de tenteo e retracto ante calquera alienación, a título oneroso ou

gratuíto, dos predios rústicos derivados dos procesos de concentración parcelaria obxecto desta lei.

2. Os bens adquiridos como consecuencia do exercicio dos dereitos de tenteo e retracto ós que se refire o apartado anterior quedarán integrados no Banco de Terras de Galicia. Transcorridos 5 anos sen que tivese lugar a súa efectiva aplicación a algún dos fins previstos no artigo 13 desta lei, o seu anterior propietario terá dereito á reversión destes reintegrando as cantidades percibidas actualizadas conforme a evolución do índice de prezos ó consumo e o aboamento das mellores necesarias ou útiles. Este dereito caducará ós seis meses desde a notificación fidedigna por parte do órgano xestor do banco de terras de que pode validamente exercitarse.

3. Non haberá lugar ó nacemento dos dereitos de tenteo e retracto pola Comunidade Autónoma nas transmisións gratúitas, xa sexan mortis causa ou intervivos, realizadas a favor do cónxuxe, fillos ou descendentes ou parentes consanguíneos ata o terceiro grao. Tampouco haberá lugar ó nacemento dos referidos dereitos nos casos de alienacións a favor de lindantes, nin nos casos de alienacións a favor de terceiros que ostenten a condición de profesionais da agricultura, nos casos que regulamentariamente se estableza.

4. Os dereitos de tenteo e retracto previstos neste artigo serán preferentes, respecto de calquera outro dereito de adquisición establecido pola lexislación vixente, a excepción do retracto de lindantes.

Artigo 8. Obriga de notifica-la alienación de predios rústicos e exercicio do tenteo e do retracto.

1. Para os efectos do disposto no artigo anterior, o que teña intención de alienar todo ou parte dun predio rústico dos incluídos no obxecto desta lei, ou participacións indivisas sobre este, deberá notificalo fidedignamente ó órgano xestor do Banco de Terras, indicándolle tanto a súa vontade de facelo como as condicións da alienación.

2. Na dita notificación farase consta-la descrición e os datos catastrais e rexistrais do ben que se pretende alienar, os de identificación e profesión do transmitinte e adquirinte, así como o destino que se quere dar ó predio ou explotación, e o prezo da súa alienación.

3. No prazo dun mes, a contar desde o día seguinte ó da entrada no rexistro do órgano xestor do Banco de Terras, este poderá adquirir-los bens obxecto da alineación polo prezo da oferta. No caso de que o órgano xestor non exercite o dereito de tenteo no prazo sinalado, enténdese que renuncia ó dito dereito.

4. No caso de ausencia de notificación fidedigna, da súa práctica defectuosa ou incompleta, ou téndose producido a alienación antes do prazo para ter exercitado o dereito de tenteo, ou en condicións distintas ás notificadas, o órgano xestor do Banco de Terras poderá exercer-lo dereito de retracto. Este dereito deberá exercitarse no prazo dun mes a partir do día seguinte ó da notificación da transmisión efectuada, que o adquirinte deberá facer, en todo caso, ó órgano xestor do Banco de terras mediante a entrega da copia da escritura ou documento en que se formalice.

5. A notificación polo adquirinte da transmisión efectuada non será esixible cando se acredite que se produciu a notificación fidedigna sinalada no apartado un e se obteña certificación do órgano xestor do Banco de Terras de que transcorreu o prazo para exercita-lo dereito de tenteo e este non fose exercitado. Tal certificación deberá outorgala o órgano xestor do Banco de Terras no prazo máximo de dez días naturais contados a partir da súa petición.

6. Nos casos en que a transmisión proxectada ou efectivamente realizada sexa a título grauíto ou mediante negocio xurídico do que non se desprenda o valor do predio, o exercicio polo órgano xestor do Banco de Terras dos seus dereitos de adquisición preferente requirirá o pagamento ou consignación do seu prezo xusto, determinado de acordo co establecido na lexislación sobre expropiación forzosa. Nestes supostos, os prazos de que dispón o órgano xestor do banco de terras para adquirir-los bens, quedarán suspendidos ata a determinación do prezo xusto.

7. A Comunidade Autónoma, a través do órgano xestor do Banco de Terras, non poderá

facer uso do seu dereito de retracto sen reembolsar ó adquirente o prezo da alienación, non asumindo o órgano xestor o reembolso de calquera clase de gastos e impostos se iso lle supón aboar maior importe do que lle supuxera a adquisición no caso de ter exercitado o dereito de tenteo.

Artigo 9. Supostos de execución xudicial.

Nos supostos de execución xudicial de predios rústicos obxecto de concentración parcelaria, o que resulte adxudicatario verase obrigado a dar coñecemento da resolución ó seu favor ó órgano xestor do Banco de Terras, mediante notificación desta. En tal suposto o dereito de adquisición preferente por parte da Administración, deberá exercitarse no prazo dun mes a contar desde o día seguinte á dita notificación, aboando como prezo o fixado xudicialmente no remate.

Artigo 10. Acceso ó Rexistro da Propiedade.

Non poderán inscribirse no Rexistro da Propiedade as transmisións sobre os predios a que fai referencia os artigos 8 e 9, senón aparece acreditada a realización da notificación polo adquirente, establecida nos artigos 8.5 e 9, salvo que esta non sexa esixible por aplicación do sinalado no artigo 8.6.

Capítulo 3º. Réxime das cesións temporais

Artigo 11. Cesións temporais.

1. Os entes públicos, de acordo coa súa lexislación aplicable, así como os particulares, poderán ceder temporalmente o uso e aproveitamento dos predios de interese agrario de que sexan titulares, para a súa integración no Banco de Terras de Galicia.

2. A cesión, sexa onerosa ou gratuíta, realizarase mediante convenio suscrito polo cedente e o órgano xestor do Banco de Terras, onde se determinarán os dereitos e obrigas das partes.

3. Os predios cedidos continuarán, no seu caso, inscritos a nome do cedente no Rexistro da Propiedade, no que se practicará nota marxinal da cesión e o seu prazo, que non poderá ser inferior a 3 anos.

4. Non se poderán aceptar cesións gratuítas cando iso implique a asunción de gravames, cargas ou afeccións que excedan o valor da cesión.

Capítulo 4º. Funcións e vinculación de destino do Banco de Terras

Artigo 12. Funcións do Banco de Terras.

1. O Banco de Terras de Galicia que se constitúe en virtude desta lei terá como finalidade dinamiza-lo mercado de terras, evita-la improductividade das terras obxecto de concentración parcelaria e favorece-la súa explotación conforme a seu destino agrario.

2. Para a consecución dos fins descritos no apartado anterior, o órgano xestor do Banco de Terras desenvolverá as seguintes funcións:

- a) A xestión integral da información territorial e agronómica da propiedade concentrada.
- b) A actualización das bases de datos da propiedade concentrada.
- c) A elaboración dos estudos do mercado de terras, que favorezan a mobilidade voluntaria da propiedade concentrada.
- d) O asesoramento e a intermediación entre oferta e demanda que facilite unha maior dispoñibilidade para a ampliación e mellora da base territorial das explotacións agrarias.
- e) A administración, explotación e alienación dos bens e dereitos integrados neste.

3. Para a consecución dos fins previstos neste artigo, o órgano xestor do Banco de Terras realizará os estudos e programas oportunos.

Artigo 13. Destino dos bens e dereitos integrantes do Banco de Terras.

Os bens e dereitos integrantes do Banco de Terras quedan vinculados a algúns dos destinos seguintes:

- a) A corrección de erros manifestos dos que se deriven prexuízos para os afectados pola concentración, ó que se destinarán preferentemente os fondos de terras que se constitúan en cada zona que se concentre.
- b) Facilita-la ampliación das explotacións da zona concentrada e estimula-la implantación de novas explotacións con dimensións e estruturas axeitadas que poidan favorecer-la creación de emprego, dando prioridade ós novos agricultores que se establezan na zona e ós emigrantes retornados que así o manifesten e acrediten.
- c) Creación da base territorial de cooperativas ou outras asociacións agrarias.
- d) A creación, ampliación ou mellora da base territorial que demanden os proxectos agrarios ós que lle sexa recoñecida a súa condición de Proxectos Agrarios Prioritarios.
- e) A mellora das explotacións existentes, procurando promocionar aquelas que non acadando a dimensión economicamente viable, poidan demostra-la súa futura eficiencia económica.
- f) Establecemento de novos asentamentos, fundamentalmente nas zonas afectadas polo envellecemento da poboación ou o éxodo rural.
- g) As melloras e equipamentos colectivos máis amplos.
- h) A investigación, a través da súa utilización, como campos de ensaio e demostración.
- i) A preservación de espazos naturais ou a conservación do patrimonio histórico-artístico de Galicia.

Capítulo 5º. Réxime de adxudicación dos bens do Banco de Terras

Sección 1ª. Normas xerais.

Artigo 14. Réximes de adxudicación.

1. Os bens e dereitos integrantes do Banco de Terras poderanse alienar mediante a súa adxudicación a terceiros e quedarán en todo caso vinculados ós fins establecidos no artigo 3 desta lei.

2. A súa alienación farase polo procedemento de poxa pública, salvo cando o Consello da Xunta, a proposta da Consellería competente en materia de agricultura, autorice, individual ou xenericamente, a adxudicación directa dun ben ou clase de bens, mediante acordo motivado en base ós requisitos do artigo 16.

3. Cando a titularidade dalgún ben ou dereito integrante do Banco de Terras o sexa de pleno dominio, a adxudicación poderá ser en propiedade ou en réxime de cesión das facultades de uso e aproveitamento, segundo determine o órgano xestor en resolución motivada.

4. En tódolos expedientes de adxudicación deberá facerse consta-lo compromiso do adxudicatario de explora-lo predio adxudicado conforme a súa capacidade agronómica e de acordo á vinculación de destino que resulte de aplicación conforme o disposto no artigo 13.

Sección 2ª. Adxudicación en propiedade.

Artigo 15. Adxudicación mediante poxa pública.

1. Nos supostos de adxudicación mediante poxa pública, o prego de condicións conterá, alomenos, os extremos seguintes:

- a) Obxecto e a súa descrición.
- b) Prezo-tipo e forma de pagamento.
- c) Condición de profesional da agricultura nos ofertantes, modo de acreditación e destino agrario dos predios obxecto de adxudicación.
- d) Obriga de constituír un depósito previo do 20% do prezo-tipo para poder participar na poxa e procedemento de ingreso.

2. O procedemento a seguir determinarase regulamentariamente. En todo caso, a celebración da poxa deberá anunciarse no Diario Oficial de Galicia cunha antelación mínima de quince días hábiles.

Artigo 16. Adxudicación directa.

1. A adxudicación directa de predios integrantes do Banco de Terras deberá motivarse na concorrencia, alomenos, dalgunha das seguintes circunstancias:

- Erros manifestos dos que deriven prexuízos para os afectados pola concentración, destinándose preferentemente para a súa corrección os fondos de terras que se constituían en cada zona que se concentre.
- Escaso valor do predio ou predios obxecto da alienación, de acordo co que se fixará regulamentariamente.
- Lindeiro do predio ou predios, previo ofrecemento ós titulares de tódolos predios lindantes, aplicándose en caso de concorrencia o establecido no artigo 1523 do Código Civil.
- Necesidade dos cultivadores directos ou persoais ou das formas asociadas de explotación, de ampliar a superficie cultivada para acadar unha dimensión economicamente viable das súas explotacións.
- A declaración como Prioritario do Proxecto Agrario, onde a súa base territorial se vincule á adxudicación, previo o trámite de competencia de proxectos dos que, no seu caso, puideran presentarse de forma concorrente á adxudicación directa dun mesmo predio, explotación ou lote.

2. O prezo de adxudicación directa fixarase tendo en conta, tanto o prezo de adquisición actualizado, no seu caso, como o valor de mercado no momento da adxudicación, non podendo nunca ser inferior ou menor dos dous valores mencionados.

3. Cando a adxudicación directa se efectúe a favor dun proxecto declarado como prioritario, deberá facerse constar nesta, como causa expresa de resolución, a inexecución de tal proxecto.

Sección 3ª. Adxudicación en réxime de cesión das facultades de usufructo.

Artigo 17. Contido e alcance da adxudicación en réxime de cesión de uso.

Nos supostos de cesión das facultades de usufructo de bens do Banco de Terras, os correspondentes pregos e a resolución pola que se adxudique haberán de conter as seguintes determinacións:

- a) Prazo de vixencia da cesión, que non poderá ser superior a trinta anos. No caso de cesións para usos forestais estarase ó disposto na lexislación específica en materia de fomento da produción forestal.
- b) Índice medio de aproveitamento anual do predio cedido.
- c) Condicións da cesión e causas de resolución ou caducidade.
- d) Canon anual que se vai satisfacer pola cesión, que se fixará inicialmente de acordo coa renda media anual que se pague na zona segundo valores de mercado.

Artigo 18. Transmisibilidade das cesións.

A cesión das facultades de uso e aproveitamento dos bens integrados no Banco de Terras será indivisible e poderá ser transmitida a terceiros, inter vivos ou mortis causa, sempre que se

comunique tal cesión ó órgano xestor do Banco de Terras e o adquirente acredite ante este a súa condición de profesional da agricultura e se subroque expresamente nas obrigas do cedente.

Artigo 19. Resolución das cesións.

1. As cesións das facultades de uso e aproveitamento outorgadas polo Banco de Terras sobre os bens integrados neste poderán ser resoltas previa tramitación do correspondente expediente contradictorio, con audiencia do cesionario, no que se acredite a existencia dalgunha das causas de resolución previstas no acordo en que se formalicen. Cando a cesión fose mediante adxudicación directa a favor dun proxecto agrario prioritario, estarase ó disposto no artigo 16.3 da presente lei.

2. No acordo que declare resolta a cesión, efectuarase a liquidación desta con valoración expresa e detallada das melloras útiles e subsistentes realizadas polo cesionario, para os efectos do seu pagamento, con dedución dos danos ou prexuízos existentes no predio e fixarase o prazo máximo no que o cesionario deberá proceder ó desaloxo, que non poderá ser superior a tres meses.

**TÍTULO III. EXPROPIACIÓN FORZOSA DO DOMINIO
OU USO DOS PREDIOS POR INCUMPRIMENTO DA FUNCIÓN SOCIAL
DA PROPIEDAD AGRARIA CONCENTRADA**

Capítulo 1º. Réxime de mobilidade forzosa da terra

Artigo 20. Incumprimento da función social da propiedade concentrada.

1. O incumprimento das obrigas inherentes á función social da propiedade agraria concentrada obxecto desta lei facultará á Administración Autonómica para declarala en situación de mobilidade forzosa e acorda-la súa expropiación inmediata.

2. Entenderase que existe incumprimento das obrigas inherentes á función social da propiedade agraria concentrada cando as terras non se manteñan ou conserven conforme a súa capacidade agronómica e ó aproveitamento axeitado dos seus recursos, non obtendo destas o cincuenta por cento do aproveitamento que resultaría de aplica-lo plan de aproveitamentos de cultivos ou forestal recollido no acordo de concentración.

3. En defecto dos plans de aproveitamentos de cultivos ou forestais sinalados no apartado anterior, insuficiencia ou indefinición destes o notorio desfase das súas previsións, o Consello da Xunta, mediante Decreto e na forma que regulamentariamente se determine, establecerá e publicará os valores dos índices técnico-económicos que reflectan o nivel de aproveitamento medio dos predios e explotacións agrarias dunha zona de concentración ou sectores desta. A aplicación dos índices a cada predio ou explotación considerará os elementos de corrección que teñan en conta as diferencias de calidade entre estes.

Artigo 21. Declaración de predios en situación de mobilidade forzosa e a súa inclusión no Catálogo.

1. A declaración dun predio en situación de mobilidade forzosa polo incumprimento da función social da propiedade, deberá ser acordada polo Consello da Xunta a proposta da Consellería competente en materia de agricultura e trala incoación do correspondente expediente contradictorio que se levará a cabo nesta mesma Consellería.

2. Créase o Catálogo de Predios en situación de mobilidade forzosa como rexistro administrativo que estará a cargo da Consellería competente en materia de agricultura. A declaración dun predio en situación de mobilidade forzosa comportará a súa inclusión no referido catálogo e facultará á Administración Autonómica para a súa expropiación inmediata de acordo coa lexislación xeral sobre a materia. O catálogo referido créase por esta lei como rexistro.

3. A apertura do expediente contradictorio para declarar un predio en situación de mobilidade forzosa farase constar no Rexistro da Propiedade mediante a correspondente anotación preventiva. A inclusión dun predio no catálogo farase constar no Rexistro da Propiedade mediante a práctica da correspondente nota marxinal.

Artigo 22. Outras causas de incumprimento da función social e mobilidade forzosa.

Entenderase igualmente que existe incumprimento da función social da propiedade agraria concentrada, permitindo a declaración dos predios en situación de mobilidade forzosa e a correspondente inclusión no Catálogo, cando se acredite, mediante o correspondente expediente contradictorio, a realización nestes de obras ou actividades prohibidas en solo rústico pola Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia.

Existirá igualmente incumprimento da función social da propiedade, permitindo a declaración dos predios en situación de mobilidade forzosa e a correspondente inclusión no Catálogo, cando se trate de predios adquiridos ó Banco de Terras e non se cumpra o compromiso que establece o artigo 14.4 desta lei.

Capítulo 2º. Expropiación forzosa dos predios incluídos no catálogo

Artigo 23. Consecuencias da inclusión dun predio no Catálogo, para os efectos da súa expropiación forzosa.

A declaración dun predio en situación de mobilidade forzosa por incumprimento da función social da propiedade e a súa inclusión no catálogo regulado no capítulo anterior implicará a declaración de utilidade pública e a necesidade de ocupación, polo procedemento de urxencia, para os efectos da súa expropiación forzosa de conformidade coa lexislación xeral sobre a materia.

Artigo 24. Expropiación do dominio ou do uso do predio.

1. A expropiación de predios incluídos no catálogo regulado no capítulo anterior aprobarase por decreto da Xunta de Galicia.

2. A expropiación consistirá na privación singular do dereito de uso e aproveitamento, podendo imporse o arrendamento forzoso ou convenio forestal forzoso do predio afectado, segundo a súa natureza agraria ou forestal. A privación do dereito ou o arrendamento forzoso terá unha duración máxima, incluídas as posibles prórrogas, de 12 anos, durante os cales se poderá acordar a expropiación do dominio en calquera momento cando se dean as circunstancias que se sinalan no apartado seguinte; para o convenio forestal forzoso estarase ó disposto na lexislación específica en materia de fomento da produción forestal.

3. Non obstante, o decreto ó que se refire o apartado 1, acordará que se expropie o dominio se existen graves motivos de orde económica e social que así o esixan, de conformidade co que se estableza regulamentariamente.

Iguualmente o decreto poderá acordar a expropiación do dominio cando o beneficiario da expropiación sexa o titular dun Proxecto Agrario Prioritario, estea acreditado no expediente o abandono total da explotación do predio e os investimentos que esixa a realización de tal proxecto fagan aconsellable tal forma de expropiación.

4. Fóra dos casos en que a potestade expropiadora se exerza a favor do titular dun Proxecto Agrario Prioritario, os bens e dereitos expropiados pasarán a integrarse no Banco de Terras de Galicia.

DISPOSICIÓNS ADICIONAIS

PRIMEIRA

Os artigos 71 e 72 da Lei 12/2001, do 10 de setembro, de modificación da Lei de Concentración Parcelaria para Galicia, quedarán redactados como segue:

1. Art. 71.- Infraccións graves.

Suprímese o seu apartado número 6.

2. Art. 72.- Infraccións moi graves.

"Son infraccións moi graves:

1. Impedir ou obstaculiza-la toma de posesión dos novos predios de reemprego.

2. Impedir ou obstaculiza-la realización das actuacións comprendidas no plan de obras ou melloras territoriais.

3. Non cultiva-los predios conforme a súa capacidade agronómica e aproveitamento axeitado dos seus recursos, o cambio do uso da terra clasificada como labradío ou prado, e o incumprimento do plan de ordenación de aproveitamento do cultivo ou forestal, conforme establecen os artigos 3; 30 e concordantes da presente lei".

SEGUNDA

Polo órgano xestor do Banco de Terras comunicárase ás respectivas cámaras agrarias provinciais, con periodicidade anual, as principais actuacións que se van desenvolver no seu ámbito territorial, e darase conta das practicadas no período anterior.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA

As disposicións da presente lei non serán de aplicación ás terras obxecto de concentración parcelaria, onde o seu acordo firme sexa anterior en máis de dez anos á data de entrada en vigor desta.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ó disposto na presente lei.

DISPOSICIÓNS FINAIS

PRIMEIRA

Facúltase ó Consello da Xunta para dictar cantas disposicións de aplicación e desenvolvemento desta lei sexan precisas.

SEGUNDA

A presente lei entrará en vigor ós vinte días da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.



Dictame
1/04

